

EXPTE Nº 25/2016 - TERRA: "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL"

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, PREVISIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Dada conta do expediente para a contratación da "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL MEDIANTE GAS NATURAL CANALIZADO ÁS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL" e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal en data 19/10/2016 e pola Intervención Municipal en data 20/10/2016, esta Presidencia **resolve**:

Primeiro: Sinálase como presuposto máximo de licitación por ano (12 meses) **33.206,83 euros** sen incluír o IVE.

O presuposto máximo de licitación durante a duración do contrato (dous anos), é de **66.413,66 €**, sen incluír o IVE, e o presuposto máximo de licitación durante a total duración do contrato (incluídas as dúas posibles prórrogas de un ano cada unha), é de **132.827,32 €**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de outubro de 2016, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal, Don José María Troncos Viñas, que consta de 7 cláusulas e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 18 de setembro de 2016, que consta de 26 cláusulas e 4 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.


Cuarto: De acordo co disposto no informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 20 de outubro de 2016, débese prever a consignación orzamentaria do gasto, con cargo á partida presupostaria do orzamento separado do Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo", 34210/22103, por un importe máximo de licitación de 66.413,66 € sen engadir o IVE, pola duración do contrato, dous anos. Para a dotación orzamentaria precisa en cada unha das anualidades ás que afecta este contrato deberá terse en conta o contido do informe de fiscalización reflectido, así como o da presente resolución, na aprobación dos Orzamentos.

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. presidente do Organismo Autónomo "Terra de Sanxenxo", Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña, ou na súa substitución o funcionario do Concello Don Celso Lede Porto.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova ou funcionario en quen se delegue.
 - o O Secretario Xeral, Don Ángel Luis López Pita, ou funcionario en quen se delegue.
 - o O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego, facenda e comercio, Don David Otero Domínguez
 - o O Concelleiro de turismo, comercio e deportes, Don Jesús Joaquín Sueiro Méndez

Dada en Sanxenxo o trinta e un de outubro de dous mil dezaseis.

A presidenta accidental



Vanessa Rodríguez Búa

ante min, o secretario accidental



Celestino Otero Camiña